

# ***A CULPA FOI DE MOZART***

**Autor**

**Marcelino de Santiago Viqueira (Kukas)**

**1995**



**Presidente**                      Nin piedade nin farrapos de gaitas...  
   ¡Veña, déixese de parvadas e comecemos o ensaio  
   xeral!.  
   Mañá é o grande evento e se seguimos con monsergas  
   o que imos facer é o ridículo máis espantoso.

*Pitita se retira*

  ¡Eh, señor Director, míster Von Carallán! Preparado,  
   listo...¡Pois música, Mestre!.

*O director retirase*

*Comeza a abrirse o telón (Obertura en Re M-KV 106)*

**Pitita**                                ¡Ejem, ejem!  
   Moi boas tardes señoras e señores, queridísima e  
   estimada concorrencia...¿Está ben así?

**Presidente**                      Si, muller si, pero, siga, siga.

**Pitita**                                Este ano a Sociedade Filharmónica de Rompeovos dos  
   Paxaros ten o pracer de invitarlles a un festival festivo  
   dedicado o grande compositor de  
   música...música...clásica o señor, o señor...

*Asoma a cabeza a apuntadora*

**Apuntadora**                      Mozart

**Pitita**                                ¿Cómo...?

**Apuntadora**                      Mozart, Mozart...si, ou, si...M- O -Z -A- R -T

**Pitita**                                O señor M-O-Z-A-R-T

Os grandes decorados das óperas, aquí presentes...  
aquí presentes... Señor Presidente ¿ onde están os  
decorados?.

**Presidente** Xa chegarán, non se preocupe...e ensaie, leñe, ensaie...

**Pitita** En Salzburgo, en Berlín, en Viena, en Hamburguesa...

**Presidente** ¡Hamburgo, señorita Pitita, Hamburgo! Luxemburgo,  
Estrasburgo, San Petersburgo, Leninburgo...

**Pitita** Cada ano fan un magno e espléndido festival dedicado a  
Mozart...E en Rompeovos dos Paxaros, por primeira  
vez, tamén teremos un festival en homenaxe ó  
fenomenal músico clásico, grazas o desinterese do noso  
filántropo y melóna...ma...melo namo...melona mano...  
mela mamoo..

**Presidente** ¡Melómano, señorita Pitita, melómano!, ou sexa , un  
namorado da música ...

**Pitita** Clásica

**Presidente** Tamén

**Pitita** Como ía dicindo, nos encontramos maña presentes  
para render homenaxe o melómano señor Presidente de...  
un señor festival cun filántropo...que...que

**Presidente** Bueno, vou avisar ós tremoias para que apañen os  
focos, agora volvo, Pitita. Siga ensaiando.

*O Presidente marchase*







...tan relumbrado que eu nunca tal cousa vin...  
 porque claro, eu cando lembro, relembro, pero cando  
 non lembro é que non relembro nada...agora por exemplo  
 teño que facer que lembro...

*A **pantasma** achegase a Pitita e tócalle no ombreiro*

¡Ahhh, unha pantasma!

*Pitita sae correndo coas pernas polo ar*

*Entra un **rato** asusta á pantasma...xogan*

*Entra un **bebé**, persegue ó rato e xoga con el hasta caer no piano (aporreo)*

*O **bebé** aporrea ó piano, a **pantasma** fuxe despavorida.*

*O **bebé** toca no piano O Concerto para piano nº 6 en Si bemol M, KV 238 e o final  
 as Variacións para piano KV 265 e vaise quedando durmido enriba do piano.*

*Entra Pitita asustada e descubre o bebé, cólleo no colo e marchase de escena con  
 el.*

**Pitita** ¡Meu cacholiño!, ¿quen che deixou aquí?

¡Anda, Wolfraniño, imos con mamá!

*Entra a diva fraca Fideoti*

**Diva Fraca** ¡Jein, main recital, nun grandioso fito! ¡Cartofén fritidas  
 ó dente! ¡Caput! ¡Oh, mía tripa, barriga, doe, doe!...

¡Caput gala mozartiana!...¡Qué cante Rita!...

¡Siñore Presidente!, ¡siñore Presidente!, ¡ío estrujaré la  
 súa cachola!, ¡ío non cantare!, ¡ío declarata en greva!...Io  
 son diviña, a raíña queen del tabolo!

*Entra Manolo cun martelo na man, a diva sentase xunto ó **piano**.*

**Manolo** Buff, ter que afinar o piano, ¡a quén se lle ocorre!



**Paco** E agora, máis traballo, ¡Eh,ti, ti, esperta!, non espertas, pois hala fora lixos de escena.

*Paco sae varrer ó violinista e o atril.*

*Entra o Presidente cunha botella e bastante ebrio.*

**Presidente** ¡Hip, maldita diva!, ¡case me mata!, ¡hip!, ¡vaia malleira me deu!...¡Eh, apuntadora!...Conchita, ¿afinaron xa o piano?

**Apuntadora** Seica si

**Presidente** ¿E ensaiou o violinista?

**Apuntadora** Pois, si

**Presidente** ¿E a gorda italiana, a diva Floritori ou como lle chamen?

**Apuntadora** Non, esa non

**Presidente** ¡Pitita, Pitita, veña inmediatamente!

*Entra Pitita correndo*

**Pitita** ¿Si, señor Presidente?

**Presidente** ¿Aínda non chegou a Floritori?

**Pitita** Pois claro que si, está no seu despacho

**Presidente** ¿E qué fai alí, non tiña que estar ensaiando?

Maña é o grande recital e aínda está todo por facer, ¡hip!  
Isto pásame a min por querer desculturizar a un fato de pailarocos coma estes...

Veña, Pitita, vaia ver si chegou o tenor Paparoti,  
mentres eu vou recibir á gran diva Floritori.

*Vanse Pitita e o Presidente cada un polo seu lado.*

*O rato sae de debaixo do piano, trepa e cando está enriba do piano, entra a diva Floritori*

**Diva gorda**                    ¡Iuju,Iuju!...¡Xa estou aquí! ¡Iuju!

*A diva espantase ó ver o rato e queda pendurada do varal mentres canta o Aria “Martern aller Arten” do Rapto dun serrallo.*

*Entran o Presidente e Pitita.*

**Presidente**                    ¿Qué lle pasa, divina Floritori? ¿ por qué se espanta?

**Diva Gorda**                    ¡Un rato!

**Presidente**                    ¿Onde, onde?

**Diva Gorda**                    ¡Aí, aí, no piano!

**Presidente**                    ¡Eh,eh, titiriteira! ¡quite ese trasto de aí...e o floreiro tamén!.

*Un titiriteiro retira de escena o piano, o tallo e o ramo*

Hala, xa está, asunto concluído.

Xa pode baixar divina Floritori

**Diva Gorda**                    ¡Non podó!

**Presidente**                    ¿Cómo que non pode?... A ver que lle boto unha man...

A de unha, a de dúas e a de tres...

A de unha, a de dúas e a de tres...

*O presidente intenta axudar á diva gorda, pero non pode*

**Presidente**                    ¡Pitita, mira...unha paseta!

**Pitita**                            ¿Onde, onde?

**Presidente**                    Aquí, aquí

*Pitita axeonllase e o empresario sube enriba e baixa á diva gorda.*

**Presidente** Hala, xa está, xa pode cantar

*Dálle unhas palmadiñas nas tetas á diva e mira para a diva e para Pitita ata que Pitita lle da un coscorrón e lle pica á diva nas tetas desinflándoas, Pitita escapa de escena perseguida polo Presidente.*

**Diva Gorda** ¡Paletos!

Música, mestre

*A orquestra toca un fragmento do dúo “Ich gehe, doch rate ich dir “ do Rapto dun Serrallo e a diva canta con voz de home*

**Diva Gorda** ¡Silencio, pare xa, Mestre!

*A diva fai gorgoritos con voz de home e chama a un titiriteiro que leva un **fol** para que lle infle as tetas.*

¡Hooooooo!

¡Eh, ti, ti...sí, ti...aquí!

*A diva fai gorgoritos e pasa de voz de home a voz de muller.*

¡Hoooo....ahhhhh!

Outra vez mestre, por favor, cando queira

*A diva canta o dúo “Ich gehe, doch rate ich dir “ do Rapto dun Serrallo e cando o fol ínflalle as tetas canta con voz de muller, e cando se desinfla con voz de home.*

*O final termina falando con voz de home.*

**Diva Gorda** Isto pásame a min por cantare en populi miserabile...

Adío a la mía guira per la Usa de Norteamérica...

Adío a la mía fugata e defenestrata carriera...

*Marchase a diva.*

*Entra o rockeiro Amadeus*

**Amadeus** ¡Chachi, qué local máis a tope! ¡E ten faroliños e todo!

Eh, titi, pasa que non hai ninguén

*Entra a rockeira*

**Pinky** ¡Guau, qué sitio máis alucinante!.

Amadeus, ¿e si o ocupamos para o grupo?, sería un puntazo.

**Amadeus** Descarao

**Pinky** ¡Ahhh, qué trapos máis alucinantes!,

¡Para a funda das guitarras, tío!

**Amadeus** Si, que a miña está un pouquiño escachada, mira aquí

*Escoitase unha voz en off*

**Batería** ¡Eh, tíos, botádeme unha man ou queredes que me herníe!

**Pinky** Xa vamos, xa vamos...

Veña, Amadeus, imos a axudarlle

**Amadeus** Si, si, vamos, vamos

*Pinky sae y en seguida entra con el batería que va sentado.*

**Batería** ¡Eh, Amadeus, bota unha man, ¿non?, tío

**Amadeus** Xa podías baixarte ti tamén... aínda vaste herniar

¡Ai, coidado que me trillas o pé!

**Batería** ¡Fiuu, vaia sitio máis alucinante!

Amadeus, ¿por qué non tocamos a túa última peza?

**Amadeus** ¿Cal delas?, compoño tantas...

**Batería** Si, home, si, a que compoñeches onte pola noite... a serenata... a serenata... ¿cómo era Pinki?...

**Pinky** A serenata Nocturna... Aquí en este teatro ten que sonar dabuti.

**Batería** Descarao.

**Amadeus** Veña, imos afinar as guitarras...e ti afina o bombo que sempre o tes desafinado... a terceira, Pinky, máis alta.

**Batería** ¡Juan, chu...juan, chu, tres e catro!

*Tocan a versión rockeira da Pequena Serenata Nocturna en Sol M KV 525.*

*Entra Pitita de súpeto interrompendo a canción*

**Pitita** ¡Jipis, gamberros! ¿Crédesvos que isto é unha feira ou algo así?...Pois non, isto é un recital de música seria, digo seria, S.E.R.I.A...¿entendedes analfabetos?.

**Amadeus** ¡Xenio que tena piruja! Eu me largo de aquí inmediatamente.

*Amadeus marchase*

**Pitita** ¡Así que fora, fora do teatro, inmediatamente!

**Batería** ¡Vaille dar un soponcio!, vamos de aquí, Pinky

**Pinky** A ver se te casas, pendello, xa verías como acougabas

**Pitita** Largo, largo do teatro ou chamo á policía

**Pinky** ¡Beatona!

*O Batería e a guitarrista marchan.*

**Pitita** ¡Mocosa!

Mira que colarse no teatro sen pedir permiso nin nada, é que xa non hai vergonza...En fin, ejem, ejem...

E a continuación farán a súa presentación pública...¡Ai, qué nervios!...¡Reláxate, Pitita, por favor!...digo, farán a súa presentación, a súa presentación...



¡Oh, señor Paparoti, eu son unha fantástica e apaixonada fan da súa voz!...

**Paparoti**

¡Oh, belísima, il mío cuore é tuto súdo!...¿Por certo, onde está o empresario?...Io teño que parlare con el de certo asunto...xa sabe, il contrato. Io teño que poñere a mía sinatura...¿La legalité é cuosa preferente!

*Entra o Presidente*

**Presidente**

¡Ah, señor Gordoroti!, ¿xa chegou?, ía sendo hora ¿non si?

**Paparoti**

¡Paparoti, chámome Paparoti!

**Presidente**

¿E logo eu que dixen?

**Pitita**

¡Gordoroti!

**Presidente**

¡Qué máis da, quilo máis, quilo menos!...

¡Veña, deixémonos de lérias e a cantar!!

**Pitita**

¿Podo cantar eu tamén?

**Presidente**

Mañá, Pitita, mañá

**Paparoti**

Io non cantare se non asinare o contrato.

**Presidente**

Apuntadora, Conchita, o contrato do señor Focoti

*A apuntadora saca un contrato e unha pluma e ofrécella a Paparoti que asina*

**Paparoti**

Agora, ío cantare.

Maestro...cando queira.

*Canta o aria "La donna é móvile" do Rigoletto de Verdi*

**Pitita (Baixiño)**

Esa non...esa non é de Mozart

**Presidente**

¡Un momento, señor Elefantoti!, o que o siñore entonaré non é composición kegel de Mozart.

**Paparoti** Pois claro, siñore Presidente...é do gran Verdi, da súa ópera Rigoletto.

**Presidente** Señor Morsoti, esta é unha gala dedicada única e exclusivamente a Mozart, polo tanto Verdi no leva vela neste enterro.

**Paparoti** Pois si non canto a Verdi non canto ningunha canchione

**Presidente** Pois si non canta ningunha canchione...non hai moni, moni...

**Paparoti** ¿Io non cobrare nin unha lira? ¡Protesto!

**Presidente** O contrato dio ben claro, e se non tivera lido a letra pequena... Vostede foi contratado para cantar un dueto que cantará coa diva Fideoti.

Por certo, Pitita, avise á soprano para que cante o dueto co señor Grosoti.

**Pitita** A diva non está, ¿podo cantar eu o dueto?

**Presidente** Mañá, Pitita, mañá, hala vaia buscar á diva...

*Pitita marchase rosmando*

**Pitita** Mañá, mañá, sempre mañá

*Entra a diva flaca.*

**Diva Fraca** ¡Oh, caro colega!

**Paparoti** ¡Oh, estimada diva!

**Diva Fraca** ¡Oh, xenial artista!

**Paparoti** ¡Oh, querida amiga!

¡Muac!

**Diva Fraca** ¡Ai!

**Paparoti**                    ¡Muac!

**Diva Fraca**                ¡Ai!

**Paparoti**                    ¡Requetemuac!

**Diva Fraca**                ¡Requeteai!

**Presidente**                ¡Eh, xa está ben, que isto non é unha festa nin unha axencia matrimonial!

Maestroti, por favor, musicoti...e vostedes a...cantaroti.

*O Presidente marchase, Paparoti va ata o centro e estendendo o brazo achega a diva.*

**Paparoti**                    ¡Cara!

*Os dous cantan a Escena 4, final do acto I de Cossi fan tutte.*

*A unha altura da canción aparece de repente Pitita, os divos se escandalizan e queren botala fora, pero ela insiste en cantar. O final a man dun titiriteiro sácaa da escena*

**Voz en off**                ¡Pitita, deixe de ornear e pase para aquí inmediatamente!

**Diva Fraca**                Io non tolerabile a mísera afichionata!, ¡chiflo desafinato!

**Paparoti**                    A povera é unha mica escasa

**Diva Fraca**                Oh, caro, a ñorancia é molto atrevida

**Paparoti**                    Excusate e olvidate

Por certo, ¿Por qué no cantamos o dúo de don Giovanni?

**Diva Fraca**                Ah, caro, ío pensare que é mellor a Frauta Máxica, o dúo de Papageno e Papagena

**Paparoti**                    ¡Por favore, don Giovanni!

**Diva Fraca**                ¡Frauta Máxica!

**Paparoti**                    ¡Testa teimuda! Io só cantare Don Giovanni

**Diva Fraca**                ¡Porca miseria, afichionato estragato!

**Paparoti**                    ¿Afichionato, ío?...¡Io, qué cantare na Scala de Milano!

**Diva Fraca**                ¿Acaso, non foi máis grande acontechimento main recital na óperra de Parris!, ¡titerre sen cabeza!

**Paparoti**                    ¡Porca verdulera da vía Apia!, ¡Froilanchoca!

*Mentres están insultándose empeza a soar o Adagio para Armónica de cristal KV 617ª e entra o Presidente agarrado a un **farol** e corta a discusión.*

**Presidente**                ¡¿Qué, é este desastre?! ¡Quedan despedidos, espaguetis do carallo!

*Vanse marchando os dous divos mentres din*

**Paparoti**                    ¡¿Io despedido?!

**Diva Fraca**                ¡Isto é unha aldraxe!

**Paparoti**                    ¡El mío avogado parlará con el súdo!

**Diva Fraca**                ¡Isto é unha aldraxe...!

*O Presidente bastante trompa ten un xogo co **farol** ata que se queda durmido apoiado nela.*

*Aparece fume na escena e entra Paco correndo.*

**Paco**                        ¡Aquí cheira a chamusco...!

¡Manolo, Manolo!

¡¿Onde metíche-lo puro, Manolo?!

Este home vaime matar a desgustos. ¡Pero, Manolo ven axiña!

**Manolo**                    ¡Paco, ¿ onde estás, Paco?!

**Paco**                        ¡Manolo!

**Manolo**                            ¡Paco!

**Paco**                                ¡Manolo!

*Entra Manolo de costas a Paco*

**Manolo**                            Paco, ¿ onde estás?, non vexo nada

**Paco**                                ¡Manolo!

*Tropezan os dous e dan un chouto ó mesmo tempo*

**Manolo + Paco**                ¡Ai!

**Paco**                                Manolo, trae un caldeiro

**Manolo**                            X a vou, Paco, xa vou

*Vaise Manolo a modiño*

**Paco**                                ¡Avía, , Manolo, que é para hoxe...

**Manolo**                            Xa vou, ou, xa vou

**Paco**                                ¡Demo de home, sempre teño que facelo eu todo!

*Vaise Paco. Soa música*

*Entra Manolo facendo equilibrios con 2 caldeiros colgados dos brazos*

**Manolo**                            ¡Paco!, ¿ onde estás, Paco?

  ¡Paco...!

*Manolo deixa os caldeiros no chan*

  ¡Uf, cómo pesan estes caldeiros!

  ¡Carallo, aquí hai moito fume!,eu lisco do teatro                            que

non teño vocación de churrasco.

*Vaise Manolo. Entra Paco*

**Paco**                                ¡Manolo!, ¿ onde se meteu este larchán?

*Mira dentro do caldeiro.*



- Pitita**                                    ¡Señor Presidente!
- ¡Un cortocircuíto, un cortocircuíto! ¡un enorme  
cortocircuíto!
- Presidente**                               ¿E para iso me espertas?, chama ó electricista e que  
cambie os fusibles.
- Pitita**                                    Pero, señor Presidente, o cortocircuíto provocou un  
incendio...¡O teatro está queimado!
- Presidente**                               Pero, Pitita, chame ós bombeiros
- Pitita**                                    ¿Para qué?, ...¡Si está todo, todiño queimado!
- Presidente**                               ¡Pero isto é a miña ruína!
- ¡Terei que suspender o Festival de mañá e xa tiña tódalas  
localidades vendidas!... ¡Estou arruchado!...
- ¿Qué vai a ser de min, Pitita?...¡Estou arruchado, estou  
arruchado!...
- ¡¿Quén me mandarí meterme a min neste fregado?!...
- ¡Toda a culpa foi de Mozart!

**FIN**